



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 27 DE MAIO DE 2025.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día vinte e sete de maio de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN

D^a. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO

D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ

D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

Non asiste D. Adán Formigo Sánchez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 25 DE MARZO DE 2025.- Sometida a votación a aprobación da Acta da sesión, obtense o seguinte resultado: CATRO (4) votos a favor e DOUS (2) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal socialista, quedando aprobada a Acta da sesión do 25 de marzo de 2025.

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Dase conta das Resolucións da Alcaldía remitidas aos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ENERXÍA FOTOVOLTAICA. A Presidencia somete á consideración dos membros do Pleno o expediente de contratación da obra "Fotovoltaica colectiva de autoconsumo de excedentes de 64,96 kWp (7 postos de rsubministro), subvencionada polo Inega, de acordo coa documentación obrante no expediente.

A representante de Avide pregunta pola ubicación da instalación e a función dunha bomba de aerotermia que se reflexa no proxecto técnico da obra. Tamén pregunta pola composición da Mesa de Contratación.

A Alcaldía reposta que a instalación ubícase no tellado do pavillón e que subministrará enerxía ata dous quilómetros de distancia as instalacións do concello, revertindo na rede eléctrica o excedente de enerxía, que será compensada ao concello. A aerotermia ten a función de quentar a auga dos vestiarios e dotar de aire quente o pavillón.

Sobre a Mesa de Contratación, por Secretaría infórmase que é a composición que establece a Lei de Contratos do Sector Público, formada pola Presidencia da Entidade e os funcionarios con responsabilidades en materia xurídica e económica. Asemade, solicitarase un informe técnico sobre as ofertas presentadas que será a base para valorar as mesmas en cuanto os criterios que se enxuzan mediante xuízos de valor. A licitación será publicada no perfil do contratante do concello e o proceso de licitación será aberto.

Intervén o Sr. Carreiro Estévez, para amosar a súa preocupación polas goteras que se poidan producir no tellado con motivo das obras, o colocar as placas.

A Alcaldía reposta que é unha obra habitual nos tellados e que se coloca nun panel sandwich xa especial para esas superficies.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Habéndose completado o expediente de contratación da obra contida en la memoria, iniciado mediante *Resolución* da Alcaldía, quedando xustificadas as esixencias do art. 116.4 LCSP, os membros presentes do Pleno, por UNANIMIDADE, ACORDAN:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación da obra “Fotovoltaica colectiva de autoconsumo de excedentes de 64,96 kWp (7 postos de rsubministro), que comprende o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcíons técnicas.

Segundo. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

Terceiro. Aprobar o gasto.

Cuarto. Publicar a *Resolución* no perfil do contratante.

4.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE REPRESENTACIÓN NA MANCOMUNIDADE DO RIBEIRO.- Polo grupo municipal socialista dáse lectura ao seguinte escrito:

MOCIÓN PARA GARANTIR A REPRESENTACIÓN PLURAL NA MANCOMUNIDADE DE O RIBEIRO

Exposición de motivos:

A Mancomunidade de O Ribeiro (a entidade supramunicipal que xestiona servizos municipais delegados para os concellos de A Arnoia, Beade, Cenlle, Cortegada e Leiro) está actualmente conformada (unicamente) por representantes dos grupos de goberno dos devanditos concellos, sen garantir a presenza dos grupos políticos da oposición. Esta configuración non plasma a representación plural e democrática da veciñanza e polo tanto dos contribuintes, e impide a transparencia na toma de decisións do devandito órgano como pon de manifesto o informe do Consello de Contas de Galicia.

Resulta especialmente destacado que noutras mancomunidades da contorna, como a Mancomunidade Turística dos Municipios de O Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro, si se contemple (expresamente) a presenza dos grupos municipais da oposición nos seus estatutos, como medida de garantía democrática, de transparencia e de equilibrio institucional.

Ademáis, o actual Presidente da Mancomunidade de O Ribeiro (que tamén é alcalde de Leiro si se contemple expresamente a presenza dos grupos da oposición nos seus estatutos, como medida de garantía democrática, de transparencia e de equilibrio institucional.

Ademais, o actual Presidente da Mancomunidade do Ribeiro —que tamén é alcalde de Leiro— manifestou na anterior lexislatura que “non habería problema en incorporar á oposición”, polo que entendemos que existe vontade política para transformar ese compromiso en feitos concretos e reais.



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Acordo:

1. O Pleno do Concello de Beade-Ourense insta aos seus representantes na Mancomunidad de O Ribeiro a impulsar, apoiar e votar favorablemente unha modificación dos estatutos que garantan a presenza dos grupos da oposición no Pleno da Mancomunidad, mediante un sistema de designación proporcional que respecte o pluralismo político.
2. O Pleno do Concello de Beade insta ao Presidente da Mancomunidad de O Ribeiro a incluír este asunto como punto da orde do día no próximo Pleno da Mancomunidad, para a súa tramitación con carácter urxente.
3. Tras a súa aprobación, darase traslado deste acordo ao Presidente da Mancomunidad de O Ribeiro e ao resto dos concellos membros da mesma.

Beade, 13 de maio de 2025

Asdo.: M.ª del Carmen Rama Coteló
Grupo Municipal do PsdeG-PSOE

CONCELLO DE BEADE-O RIBEIRO-OURENSE.

Intervén a representante de Avide para manifestar o seu apoio á moción, dado que os Plenos da Mancomunidad non son transparentes. O Presidente da Mancomunidad manifestou noutras ocasións que non tería problema en incorporar á entidade aos membros da oposición dos concellos. Da Mancomunidad Turística forman parte membros da oposición dos concellos. O cambio proposto é unha garantía democrática, de transparencia e melloraría a xestión da entidade, e pódese chegar a acordos con outros partidos políticos, o que considera bo.

A Alcaldía resposta que na Mancomunidad non existen representantes de outros partidos porque algúns concellos fóronse da entidade, como Ribadavia, Carballeda de Avia... Os Estatutos da Mancomunidad axústanse á legalidade, foron aprobados por todos os concellos, e cada concello nomeo a dous representantes, quedando a súa decisión a quen envían a formar parte da Mancomunidad, polo que os concellos poden mandar a membros da oposición si así o deciden. A Mancomunidad Turística non é un ente local, e si o Presidente quere, xa o fará na Mancomunidad do Ribeiro.

Sometida a moción a votación, obtense o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor e TRES (3) votos en contra. Dado que existe empate, procédese a unha segunda votación, obténdose o mesmo resultado, polo que, polo voto de calidade do Sr. Alcalde, en senso contrario á moción, a mesma queda rexeitada.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE FOGOS ARTIFICIAIS.- Polo grupo municipal socialista dáse lectura ao seguinte escrito:

MIGUEL ANGEL CARREIRO ESTEVEZ, CONCEJAL DEL PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL, AL AMPARO DE LOS ARTICULOS QUE CORRESPONDAN DEL REGLAMENTO DE ORDENACION Y FUNCIONAMIENTO Y REGIMEN JURIDICO DE LAS ENTIDADES LOCALES ASI COMO DE LA LEY DE BASES DE REGIMEN LOCAL, PRESENTA LA SIGUIENTE MOCION PARA QUE SEA DEBATIDA Y APROBADA EN EL PROXIMO PLENO ORDINARIO QUE SE CELEBRE EN ESTE SALON DE PLENOS.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

1.-AUNQUE SE LES CONSIDERE SINONIMO DE FIESTA Y ALEGRIA, LOS FUEGOS ARTIFICIALES Y DEMAS BOMBAS DE PALENQUE SON EXTREMADAMENTE PERJUDICIALES PARA LAS PERSONAS, TENGAN O NO CUALQUIER TIPO DE HIPERSENSIBILIDAD, PERO ESPECIALMENTE SI CABE A AQUEL COLECTIVO QUE EL RUIDO LES AFECTA DE FORMA EXTRAORDINARIA, LLAMENSE PERSONAS CON ESPECTRO AUTISTA O CUALQUIER OTRO PROBLEMA DE SALUD MENTAL.

PARA LOS ANIMALES DOMESTICOS Y PARA LOS SALVAJES, QUE SON UNA CAUSA DE MUERTE MUY FRECUENTE DEBIDO AL ESTRES QUE SUFREN.

EL USO DE LA PIROTECNIA GENERA TAQUICARDIA, TEMBLORES, FALTA DE AIRE, NAUSEAS ATURDIMIENTO, MIEDO Y A VECES LA MUERTE.

EN LOS ANIMALES LOS EFECTOS TAMBIEN SON DIVERSOS. LOS PERROS ENTRAN EN PANICO, HUYEN DESPAVORIDOS Y FRECUENTEMENTE TERMINAN APARECIENDO MUERTOS VICTIMAS DE UN ATROPELLO O SIMPLEMENTE DE UN FALLO CARDIACO.

ASIMISMO SE HAN HECHO ESTUDIOS COFORME LOS CIENTIFICOS NOS ADVIERTEN DE LAS PARTICULAS QUE CONTIENE EL HUMO DE LOS FUEGOS ARTIFICIALES Y CUYA INHALACION, A VECES INEVITABLE, PUEDE AFECTAR Y DE FORMA MUY GRAVE A LA SALUD.

EL ESPIRITU DE ESTA MOCION LLEVADA A PLENO ES NO PROHIBIR, AUNQUE A VECES OBLIGA LA SITUACION, ALGO QUE ESTÁ BASTANTE ARRAIGADO, AFORTUNADAMENTE YA CADA VEZ MENOS, A LA CELEBRACION DE FIESTAS PATRONALES O SIMPLEMENTE LA CELEBRACION DE UN AÑO NUEVO O EL GOL DE ALGUN JUGADOR DE FUTBOL. DE LO QUE SE TRATA ES QUE VAYAMOS AVANZANDO EN MODELOS MENOS AGRESIVOS CON EL ENTORNO TALES COMO ARTIFICIOS DE BAJO NIVEL ACUSTICO O SIMPLEMENTE EFECTOS DE JUEGOS DE LUCES QUE RESULTAN LLAMATIVOS Y NO PROVOCAN MALESTAR.

POR TODO ELLO Y HACIENDONOS ECO DE OTRAS LOCALIDADES ESPAÑOLAS Y EUROPEAS QUE HAN APROBADO MOCIONES SIMILARES A ESTA EN DONDE SE ELIMINA ESTA PRACTICA MOLESTA Y PELIGROSA, QUE ALTERA LA TRANQUILIDAD DE LA NOCHE, SE PROPONE A ESTE PLENO LO QUE SIGUE.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

- A) INSTAR A ESTE AYUNTAMIENTO QUE DEJE DE AUTORIZAR LAS BOMBAS DE PALENQUE CUANDO ALGUNA COMISION DE FIESTAS LO SOLICITE O EN SU DEFECTO QUE LIMITE EL HORARIO PARA GARANTIZAR ENTRE LOS VECINOS UNA CONVIVENCIA SIN SOBRESALTOS NI ESTRUENDOS. SERIA INTERESANTE RESPETAR LAS HORAS DESDE EN QUE EL SOL COMIENCE A PONERSE Y HASTA LA MAÑANA SIGUIENTE PARA ASÍ PODER GARANTIZAR UNA NOCHE TRANQUILA Y EL DESCANSO APACIBLE. CREO QUE EL SENTIDO COMUN IMPONE DE POR SI UNOS HORARIOS QUE RESPETEN EL DESCANSO.
- B) INSTAR A ESTE AYUNTAMIENTO A REALIZAR CAMPAÑAS DIVULGATIVAS ANTES DE CELEBRAR UNAS FIESTAS MUY SEÑALADAS DE FORMA QUE SE CONCIENCIE A LA POBLACION DE LOS PROBLEMAS QUE GENERA LA PIROTECNIA EN PERSONAS Y ANIMALES DE FORMA QUE NO SE SIENTAN NI OFENDIDOS NI PERSEGUIDOS LOS AFICIONADOS AL RUIDO EXTREMO.
- C) INSTAR A LAS COMISIONES DE FIESTAS A QUE BUSQUEN ALTERNATIVAS, QUE LAS HAY, A UTILIZAR JUEGOS DE LUCES CON DRONES, POR PONER UN EJEMPLO.
- D) QUE ESTE PLENO UTILICE TODO SU POTENCIAL PARA DEJAR DE PERTENECER A ESA SOCIEDAD RUIDOSA Y ENFERMA Y POCO A POCO VAYAMOS FORMANDO PARTE DE UN MUNDO MAS SILENCIOSO Y SANO.

EN BEADE A 16 DE ABRIL DEL AÑO 2024

A Alcaldía resposta que o concello únicamente autoriza tirada de fogos nas festas dos pobos, non en caso de actos de particulares. Tamén manifesta que non sole acontecer a tirada de fogos a altas horas da noite, salvo algún caso excepcional. Propón que se publique un Bando da Alcaldía recordando a obriga de non molestar cos fogos a altas horas da noite para concienciar á poboación do malestar que provoca.

Os membros do Pleno, de xeito unánime, apoian a publicación do Bando e a adopción das medidas que sexan oportunas en cada momento para evitar tales perxuizos coa tirada de fogos artificiais a altas horas da noite.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- Neste punto da Orde do Día prodúcense as seguintes intervencións:

Pola representante de Avide:

1) En relación coas faixas de seguridade de xestión da biomasa, nos concellos adheridos, como é o de Beade, pregunta cando deben de estar limpas as fincas. Si se lle envían cartas certificadas aos veciños, e si se multan si non realizan a limpeza. Tamén alude a comentarios de veciños que aluden a que a Alcaldía dille aos veciños que non lle fagan caso as cartas.

2) Sobre a flavescencia dourada, agradece a charla que se impartiu. Segundo información de que dispón, o Consello Regulador enviaría ao concello un listado de parcelas non productivas, abandonadas, para poder actuar dende o concello. O concello puxo un bando para que os veciños con fincas abandonadas, sen produción, as levaran. Propón que o concello se faga cargo de tomar medidas.

3) Sobre as prazas de persoal laboral do concello, solicita se publicite a oferta de emprego para que poidan optar o posto os veciños, mais transparencia e que se varíe o Tribunal.

4) Pregunta polos criterios que segue a Alcaldía en materia de limpeza das zonas públicas, como se elixen. A poboación manifesta que o pobo está sucio, cando se desbroza, non se recollen os restos. Sobre o Camiño Miñoto e o dos Arrieiros, a adhesión non levou consigo beneficio ningún para o concello.

A Alcaldía resposta o seguinte:

- O Concello de Beade aínda non aparece no visor das franxas secundarias da Consellería de Medio Rural, polo que haberá que esperar para actuar sobre as mesmas. O concello envía cartas certificadas para que se limpen as fincas, aínda que non é a súa competencia multar si non se cumpre coa obriga de limpar. Nun futuro, será a Consellería de Medio Rural quen se fará cargo dese expediente administrativo de sanción. Dende a Alcaldía non se lle dá a ningún que non limpe, únicamente se lle poden dar facilidades para que poida realizar as labores de limpeza.
- Sobre a flavescencia dourada, o Concello Regulador, ao final, non facilitou a listya de parcelas abandonadas, por un tema de protección de datos. Dende o concello, tomáronse as medidas que foron posibles, publicando o bando, que era unha recomendación, xa que, nestes intres, non pode obrigar a levantar a finca abandonada.
- Sobre as prazas de persoal laboral, fíxose a oportuna oferta de emprego a Oficina de Emprego de Ribadavia, que enviou as personas demandantes de emprego anotadas que cumprían os requisitos desa ocupación. Sobre o Tribunal, forman parte do mesmo o personal funcionario e laboral fixo do concello, como establece a normativa de contratación.
- En materia de limpeza das zonas públicas, a Alcaldía considera que se debe de valorar o realizado. As zonas a limpar elíxense por ser as mais necesitadas, pola súa situación e utilización. O persoal do concello non só realiza traballos de limpeza, fan reparacións nas redes do concello e instalacións públicas, aínda que cando a actuación é importante, tense que recurrir a unha empresa externa.

Polos representantes do Grupo Municipal Socialista:

1) En relación coa moción presentada no asunto da Mancomunidade, roga a Alcaldía lle pregunte ao Alcalde de Carballeda de Avia o motivo da súa saída e por qué non volve.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

2) Pregunta polos pagos a Alcaldía recollidos en Resolucións da Alcaldía do 31 de marzo e 30 de abril, por importe de 23,50 € e 136,80 €.

3) Sobre os lienzos da igrexa que se expoñen en Semana Santa, este ano, ao final, non foron expostos, solicitando coñecer os motivos.

4) No Informe da Universidade de Santiago de Compostela sobre o material da igrexa que se recolle no mesmo, existen partidas orzamentarias para gastos. Non sabe a que se deben. Tampouco se coñece quen se vai a facer cargo deses gastos. Recorda que o material é relixioso, non municipal.

A Alcaldía resposta o seguinte:

- O rogo terase en conta.
- Os pagos á Alcaldía son por desprazamentos en asuntos oficiais, e que pode consultalos cando queira.
- Sobre os lienzos, seguindo o seu consello manifestado na sesión plenaria anterior, solicitouse a Patrimonio un técnico que evaluase a situación dos lienzos e a posibilidade de exposición dos mesmos, desprazándose ata Beade un técnico da Comisión Mixta Xunta-Obispado, quen aconsellou non manipular o material ata unha efectiva restauración.

Neste momento da sesión, a pesar de prohibilo a Presidencia, prodúcense intervencións do público asistente que non cesan a pesar da chamada ao orde, polo que a Presidencia levanta a sesión, sendo ás trece horas e corenta minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: Fernando Taboada Guntín.

Asdo.: Pablo Fernandez Loureiro.